



Concello de Mugardos

Expediente núm.: 2057/2023

Informe de intervención

Procedemento: Proposta de Regulamento de Prestacións Económicas dos Servicios Sociais comunitarios do Concello de Mugardos.

Ana María Gómez Peña, Interventora do Concello de Mugardos, en relación co expediente arriba epigrafiado INFORMO QUE:

Primeiro.- Que á vista de que a proposta de regulamento pretende establecer o marco do procedemento á seguir para a concesión de determinadas prestacións (que non teñen a consideración de subvencións segundo o disposto no artigo 2.2.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia tal e como se recolle no artigo 2 da proposta de regulamento), non é necesario neste momento procedimental comprobar a existencia de crédito adecuado e suficiente, pero si se debe adoptar o compromiso de dotar economicamente no orzamento anual vixente ou prorrogado, os correspondentes créditos necesarios na aplicación orzamentaria adecuada con cargo ao cal se irán imputando as citadas prestacións á medida que se vaian producindo as respectivas concesións de axudas, si esto non se fixese, estaríamos ante un motivo de impugnación dos respectivos orzamentos.

Segundo.- Que á vista de que a proposta de regulamento pretende establecer o marco do procedemento á seguir para a concesión de determinadas prestacións, considero que no artigo 17c) en relación co 18, deberíase concretar dun xeito máis claro a periodicidade da contía a recibir na tarxeta segundo o número de membros na unidade familiar, e dicir si este importe a recibir é mensual ou si é para o período de 3 meses establecido no artigo 18.

Mugardos asinado electrónicamente pola interventora municipal , Ana María Gómez Peña, na data que figura no panel de sinaturas.

